

ARTIGO.

OS CRUCEIROS DA TERRA CHÁ. ALGUNHAS TIPOLOXÍAS DOS CRUCEIROS DO MUNICIPIO DE CASTRO DE REI (LUGO).

**PUBLICACIÓN: EL LEGADO CULTURAL DE LA IGLESIA MINDONIENSE.
I CONGRESO DO PATRIMONIO DA DIÓCESE DE MONDOÑEDO-FERROL.
Universidade da Coruña, 1999.**

**AUTORES. ARRIBAS ARIAS, Fernando
BLANCO PRADO, José Manuel**

I. INTRODUCCIÓN

Se cada cruceiro ten potencialmente de seu unha historia, detrás dos 25 cruceiros do Concello de Castro de Rei que aquí recollen Fernando Arribas e José Manuel Blanco, ¡ cantas historias non haberá!: mortes desgraciadas (accidentais ou non), ofrecementos e votos diversos, devocións a santos e/ou a virxes moi determinadas, etc., etc. Moitos destes aspectos, desta "vida interior" dos cruceiros chairegos, aparecen plasmados nas inscricións e lendas de moitos exemplares inventariados, pero outras veces só quedarán agachados na memoria das xentes más vellas. Quere esto dicir que, de non transmitírense ás novas xeracións, aquela "intrahistoria" de cada cruceiro, o seu papel simbólico e a súa peculiar significación acabará perdéndose mesmo antes de que acabe este século XX. Precisamente por eso, entre outras moitas razóns, mesmo legais, segue sendo urxente recoller e transmitir todos os datos, noticias e informacóns, de carácter material ou inmaterial, que nos reflectan unhas mentalidades, uns modos de ver a vida (e a morte...) moi determinados e, tantas veces, tan peculiares e singulares da cultura popular galega, antes de que a implantación da "moderna cultura occidental" (mormente norteamericana) fora uniformizando todo ou case todo.

Coma os mesmos autores apuntan, este labor é fundamental non só para coñecer mellor estes elementos patrimoniais, senón para, a través do aprecio que se lles dá, facilitar así un medio para a súa mellor protección legal, tanto a nivel de lexislación xeral como por medio da tan necesaria normativa dos entes da administración local, enténdase sobre todo dos Concellos galegos. O Decreto estatal de 1963 protexe efectivamente os cruceiros dun xeito xenérico, e o mesmo fai a Lei do Patrimonio Cultural de Galicia de 1995, pero é necesario acompañar estas figuras de protección con inventarios e catálogos, que estean ben feitos e que sexan permanentemente actualizados, para permitir a súa efectiva conservación, coñecemento e difusión, sen esquencer (lebrémolo de novo...) a función simbólica, social e relixiosa que os caracteriza e singulariza fronte a outros elementos patrimoniais.

A lectura do traballo pode suscitar moitos comentarios, tanto de carácter xeral como de tipo particular ou de detalle deste ou daquel cruceiro, detalles en ocasións moi curiosos, por exemplo se nos fixamos nos diversos tipos de inscricóns ou lápidas con dedicatorias, votos, ofrecementos e, quizais, ata autorías de moitos deles. Chama a atención en primeiro lugar, case é obvio dicilo, ainxente presencia dos cruceiros de Román, ben sexan obras directamente

procedentes do obradoiro dos Carboeira, ben sexan pezas de tipo similar pero quizais non concretamente daquela familia de canteiros. A súa obra espallouse por toda a Terra Chá e as súas árees viciñas,

inxando estas amplas comarcas dos característicos fustes co instrumental da Paixón de Cristo, dos peculiares capiteis con cabezas de anxos e das Piedades no reverso da cruz, (cun esquema que xa chamou a atención do mesmo Castelao a propósito das cruces do Oeste galego, cando advertía da "pequenez" do corpo de Xesús no colo da Virxe).

Este traballo de Fernando Arribas e José Manuel Blanco segue abrindo horizontes para a investigación sobre as cruces e cruceiros galegos, pero, sobre todo, pasa a ser un instrumento de primeira man para coñecer os dunha boa parte da comarca chairega e, a partir de aí, podelos respetar, protexer e potenciar, non soamente por que así o esixe a lei senón por que é unha irrenunciable obriga moral cos nosos devanceiros, coa súa forma de ver o mundo e coas súas crenzas, é dicir, en boa medida co que aínda explica hoxe por que é como é a maioría da sociedade galega¹.

II. LOCALIZACIÓN DO MUNICIPIO DE CASTRO DE REI.

Trátase dun municipio, situado na parte central da provincia de Lugo, que posúe unha superficie de 176,9 km², na que que vive -segundo o I.G.E. (Instituto Galego de Estadística) do ano 2019 unha poboación de 5052 habitantes, distribuída en 25 parroquias². As súas principais entidades de poboación son Castro de Rei, capital municipal, e Castro de Ribeiras de Lea, que se caracteriza polas súas feiras do gando e, tamén, pola degustación do polbo todos os mércores do mes. Limita cos seguintes municipios: ao Norte, co da Pastoriza; ao Nw., co de Cospeito; ao Sw., co de Outeiro de Rei; ao Ne., co de Meira; ao Se., co de Pol; e ao Sur, co de Lugo. Por outra banda, este espazo territorial está encravado na comarca da Terra Chá, que ocupa unha extensión de 1823 km², sendo considerada a comarca natural máis ampla e chá de Galicia.

¹ Resumo do prólogo realizado polo investigador **D. Felipe Arias Vilas** no libro “Cruceiros de Castro de Rei e Outeiro de Rei”. A autoría do mesmo corresponde aos etnógrafos **Fernando Arribas Arias e José Manuel Blanco Prado**.

² Parroquias de Ansemar (San Salvador). A Azúmara (San Xoán). Balmonte (San Salvador). Bazar (San Pedro). Bendía (San Pedro). Castro de Rei (San Xoán). Coea (San Salvador). Duancos (Sta. María). Duarría (Santiago). Dumpín (Santalla). Goberno (San Martiño). Loentia (Santo Estevo). Ludrio (Santa María). Mondriz (Santiago). Outeiro (Santa María). Pacios (San Salvador). Prevesos (Santo Estevo). Quintela (Santa María). Ramil (Santa Mariña). Ribeiras de Lea (San Xoán). San Xiao de Mos (San Xiao). Orizón (Santa Comba).

Abrangue, ademais deste municipio, aos de Abadín; Begonte; Cospeito; Guitiriz; Muras; A Pastoriza; Vilalba; e Xermade.

III. CRUCEIROS DE CASTRO DE REI E LOCALIZACIÓN

DENOMINACIÓN	LUGAR	PARROQUIA
<i>CRUCEIRO DO CARRIL</i>	CARRIL	ANSEMAR
<i>CRUCEIRO DO CURRO</i>	CURRO	ANSEMAR
<i>CRUCEIRO DA CAINZADA</i>	CAINZADA	BAZAR
<i>CRUCEIRO DE CORNIDE</i>	CORNIDE	BENDÍA
<i>CRUCEIRO DO MESÓN</i>	MESÓN	COEA
<i>CRUCEIRO DE ESPIÑEIROS</i>	ESPIÑEIROS	DUANCOS
<i>CRUCEIRO DE CASTIÑEIRAS (1)</i>	CASTIÑEIRAS	LUDRIO
<i>CRUCEIRO DE CASTIÑEIRAS (2)</i>	CASTIÑEIRAS	LUDRIO
<i>CRUCEIRO DA PLAZUELA</i>	PRACIÑA	LUDRIO
<i>CRUCEIRO DO VILAR</i>	VILAR	MONDRID
<i>CRUCEIRO DE BELOI</i>	BELOI	MOS
<i>CRUCEIRO DE CAPARÍS</i>	CAPARÍS	MOS
<i>CRUCEIRO DA PONTE</i>	A PONTE	OUTEIRO
<i>CRUCEIRO DA PONTENOVA</i>	A PONTENOVA	OUTEIRO
<i>CRUCEIRO DE RIBAS DO MIÑO</i>	RIBAS DO MIÑO	OUTEIRO
<i>CRUCEIRO DE VILAR DE BAIXO</i>	VILAR	OUTEIRO
<i>CRUCEIRO DE VILAMEL</i>	VILAMEL	OUTEIRO
<i>CRUCEIRO DO POZO</i>	POZO	PACIOS
<i>CRUCEIRO DO CAMPO DA FEIRA</i>	CAMPO DA FEIRA	RIBEIRAS DE LEA
<i>CRUCEIRO DO CHAIRO</i>	CHAIRO	RIBEIRAS DE LEA
<i>CRUCEIRO DE CASAS NOVAS</i>	CASAS NOVAS	SANTA LOCAIA
<i>CRUCEIRO DO CORDÓN</i>	CORDÓN	SANTA LOCAIA

CONCELLO DE CASTRO DE REI



+ SITUACIÓN DOS CRUCEIROS	
LOCALIZACIÓN NUMÉRICA DAS PARROQUIAS	
1 PACIOS	14 BENDIA
2 OUTEIRO	15 MOS
3 BAZAR	16 ANSEMAR
4 SANTA LEOCADIA	17 VILADONGA
5 PREVESOS	18 RIBEIRAS DE LEA
6 COEA	19 LOENTIA
7 CASTRO DE REI	20 DUARRÍA
8 QUINTELA	21 LUDRIO
9 GOBERNO	22 DUMPÍN
10 AZÚMARA	23 MONDRIZ
11 TRIABA	24 DUANCOS
12 RAMIL	25 ORIZÓN
13 BALMONTE	-

IV. ALGUNHAS TIPOLOXÍAS DOS CRUCEIROS DE CASTRO DE REI.

Neste apartado tentamos facer un breve resumo dos cruceiros deste concello atendendo a unha serie de aspectos: a súa propiedade; a situación que ocupan; en canto aos distintos elementos da súa composición: plataforma, base, fuste, capitel e cruz; a datación destes; en relación ás persoas ligadas coa súa construción; aos motivos explícitos da súa feitura; con respecto a aqueles, que posúen restos de policromía; tamén, en canto aos materiais, que se empregan na súa construcción³.

1º. A PROPIEDADE.

1.1. PROPIEDADE PRIVADA.

Cruceiro do Carril (Ansemar). “**Casa de José Díaz**”. Cruceiro do Curro (Ansemar) (**FOTO 1**). Cruceiro da Cainzada (Bazar) (**FOTO 2**). Cruceiro de Cornide (Bendía). Cruceiro do Mesón (Coea). Cruceiro de Espiñeiro (Duancos). “**Casa do Cruceiro**”. Cruceiro de Castiñeiras (Ludrio). “**Darío Vázquez**”. Cruceiro da Plazuela. “**José Barreira**”. Cruceiro de Beloi (San Xiao de Mos). (**FOTO 3**). “**Valentín Puente**”. Cruceiro de Caparís (San Xiao de Mos). “**Casa de Lexos. Herdeiros de D. Pastor López López e Dª Carmen Creciente.**” Cruceiro de Ribas do Miño (Outeiro). Cruceiro do Pozo (Pacios). Cruceiro de “Casas Novas” (Santa Locaia). Cruceiro de Cordón (Santa Locaia) (**FOTO 4**).

1.2. PROPIEDADE PÚBLICA.

Cruceiro do Vilar (Mondrid). Cruceiro da Ponte (Outeiro). Cruceiro da Pontenova (Outeiro) (**FOTO 5**). Cruceiro de Vilar de Baixo (Outeiro). Cruceiro de Vilamel (Outeiro). Cruceiro do Campo da Feira (Ribeiras de Lea) (**FOTO 6**). Cruceiro do Chairo (Ribeiras de Lea) (**FOTO 7**)

2º. A SITUACIÓN.

Con respecto á situación encontramos *once cruceiros* situados nun cruzamento de viais ou

³ Tomamos como base o seguinte libro:

ARRIBAS ARIAS, Fernando / BLANCO PRADO, José Manuel.: *Catálogo de Cruceiros da Terra Chá. Cruceiros de Guitiriz*, Cadernos do Seminario de Sargadelos nº 81, Ed. do Castro, A Coruña, 1999, páx..9.

encrucilladas⁴. *Sete cruceiros*, a carón dun vial⁵. *Tres cruceiros*, no interior dunha finca privada⁶. Finalmente, *dous* están emprazados no adro da igrexa parroquial; referímonos aos *dous cruceiros de Castiñeiras (Ludrio)*.

3º. ELEMENTOS ARTÍSTICOS DO CRUCEIRO.

3.1. A PLATAFORMA.

Amosa dous chanzos nos *cruceiros da Cainzada (Bazar); de Espiñeiro (Duancos); de Caparís (Mos); do Chairo (Ribeiras de Lea) (FOTO 7); e do Cordón (Sta. Locaia)*. Pola contra, presenta tres chanzos en *oito cruceiros*⁷.

3.2. A BASE.

Mostra os seguintes tipos:

3.2.1. Base de tres tramos: o inferior, paralelepípedo; o superior, formado por unha moldura cónica-convexa ou “gola /cima recta”; e o medio, composto por unha pequena moldura cónica, encargada de unir aos outros dous tramos; como remate, un pequeño tramo moldurado convexo.

Cruceiros do Curro (Ansemar) (FOTO 1); e de Beloi (San Xián de Mos).

3.2.2. Base de tres tramos: o inferior, paralelepípedo; o superior, formado por unha moldura cónica-convexa ou “gola /cima recta”; e o medio, composto por unha pequena moldura cónica, encargada de unir aos outros dous tramos

Cruceiros de Cornide (Bendía); do Campo da Feira (Castro de Ribeiras de Lea) (FOTO 6); e do Chairo (Castro de Ribeiras de Lea

⁴ Cruceiros da Cainzada (Bazar), do Mesón (Coea), de Espiñeiro (Duancos), de Beloi (Mos), da Ponte (Outeiro), da Pontenova (Outeiro), de Ribas do Miño (Outeiro), de Vilamel (Outeiro), de Vilar (Outeiro), do Pozo (Pacios) e do Chairo⁴ (Ribeiras de Lea).

⁵.- Trátase dos cruceiros do Carril (Ansemar), do Curro (Ansemar), de Cornide (Bendía), da Plazuela (Ludrio), do Vilar (Mondriz), de Casas Novas (Sta. Locaia) e do Portomuiño (Sta. Locaia).

⁶ Cruceiro do Carril (Ansemar). Cruceiro de Caparis (San Xiao de Mos). Cruceiro de Cordón (Santa Locaia).

⁷. Referímonos os cruceiros do Carril (Ansemar), o do Curro (Ansemar), o de Cornide (Bendía), o do Mesón (Coea), o de Castiñeiras (2)(Ludrio), o do Vilar (Mondriz), o da Pontenova (Outeiro) e o do campo da Feira (Ribeiras de Lea).

3.2.3. Base de dous tramos: o inferior, paralelepípedo; e o superior, troncopiramidal.

Cruceiros da Cainzada (Bazar) (FOTO 2); da Pontenova (Outeiro); de Vilar de Baixo (Outeiro); e de Vilamel (Outeiro).

3.2.4. Base de tres tramos: o inferior, paralelepípedo; o superior, troncopiramidal coas arestas superiores rebaixadas; e o medio, formado por unha pequena moldura cóncava a xeito de escocia, encargada de unir aos outros dous tramos.

Cruceiros da Ponte (Outeiro); e do Cordón (Santa Locaia) (FOTO 4).

3.2.5. Base paralelepípeda coas arestas superiores redondeadas.

Cruceiro de Vilar (Mondrid); e da Plazuela (Ludrio).

3.2.6. Base de dous tramos: o inferior, formado por unha moldura cóncava-convexa ou gola/cima recta; e o superior, paralelepípedo cos bordos superiores redondeados.

Cruceiro do Mesón (Coea).

Este elemento leva unha inscrición en *once cruceiros*⁸. A inscrición fai alusión ás indulxencias concedidas polo bispo de Mondoñedo a todas as persoas que recen diante do cruceiro unha serie de oracións: painoso, avemaría, salve, credo etc. Tamén, adoita mencionar o nome da persoa ou persoas que mandaron construír o cruceiro, a data de construción reflectida nos cruceiros do *Curro (Ansemar)*, *do Mesón (Coea)*, *da Pontenova (Outeiro) e de Casas Novas (Sta. Locaia)*; finalmente o nome do constructor como é o caso do *cruceiro de Casas Novas (Sta. Locaia)*. Como modelos representativos de inscricións citamos *os cruceiros da Cainzada (Bazar); do Mesón (Coea); de Ribas do Miño (Outeiro); e de Casas Novas (Santa Locaia)*.

A. CRUCEIRO DA CAINZADA (BAZAR). (FOTO 8).

CARA NW.: “A ESPENSAS DE JO / SE BARRELA./ R.I.P./”

B. CRUCEIRO DO MESÓN (COEA)

Amosa unha inscrición nas seguintes caras:

CARA NW.: “JUAN BOSCO”

CARA NE.: “A REI STOLLE / 10-X-27” (1927)

⁸. Cruceiros do Curro (Ansemar), da Cainzada (Bazar), de Cornide (Bendía), do Mesón (Coea), de Beloi (Mos), da Ponte (Outeiro), da Pontenova (Outeiro), de Ribas do Miño (Outeiro), de Vilamel (Outeiro), de Casas Novas (Sta. Locaia) e do Cordón (Sta. Locaia).

C. CRUCEIRO DE RIBAS DO MIÑO (OUTEIRO).

Presenta unha inscrición nas seguintes caras.:

CARA SW.: "DEVOCIÓN / DE ANTONIO POR / TELA ANLLO / Y SU ESPOSA/

ANTONIA GARCIA MEL / EL QUE REZE/

CARA SE.- DELANTE ES / TA CRUZ EL / ACTO DE CON / TRICION LA SAL /

VE EL CREDO Y / AVEMARIA GANA / INDULGENCIA PLENARIA."/

/

D. CRUCEIRO DE CASAS NOVAS (SANTA LOCAIA).

**"A LA MEMORIA DE / D. JUAN MOTA / SE CONSTRUYO / A EXPENSAS DE / D^a
DOLORES MOTA / Y SUS HIJOS/EN EL AÑO DE 1913 / R. CONSTENDE M.
SASDONIGAS."**

Ademais, os *cruceiros do Curro (Ansemar)*, *da Cainzada (Bazar) (FOTO 8)*, *da Pontenova (Outeiro) (FOTO 9)*, *de Vilamel (Outeiro) (FOTO 10)* amosan na base, como elemento decorativo, algúns relevos da paixón.

3.3. O FUSTE

Adoita ser monolítico, prismático, de sección cuadrangular nos extremos e oitavado no resto. As caras da parte superior están ornamentadas polos seguintes motivos:

A. *Os cruceiros do Curro (Ansemar), da Ponte (Outeiro), (FOTO 11) de Ribas do Miño (Outeiro), de Vilar de Baixo (Outeiro), e do Cordón (Sta. Locaia)* mostran tres caras decoradas con rombos e roeles.

B. *Os cruceiros do Curro (Ansemar) e da Ponte (Outeiro) (FOTO 11)* amosan unha custodia nunha das súas caras.

C. *Os cruceiros de Cornide (Bendía) e Vilamel (Outeiro) (FOTO 12)* presentan unha swástica e unha roseta en dúas e tres caras, respectivamente.

Tamén unha das caras da parte superior do fuste aparece **cun número** en catro cruceiros deste concello, indicativo da disposición que levaban os canteiros na construción destas manifestacións artísticas. A numeración seguindo unha orde ascendente é a seguinte:

1º. CRUCEIRO DE BELOI (MOS): nº 26.

2º. CRUCEIRO DO CHAIRO⁹ (RIBEIRAS DE LEA): nº 44.

3º. CRUCEIRO DE CORNIDE (BENDÍA): nº 46. (FOTO 13)

4º. CRUCEIRO DE VILAMEL (OUTEIRO): nº 67.

O resto do fuste está decorado en *doce cruceiros* polos instrumentos da paixón en relevo (**FOTO 14**). A súa disposición nunha orde descendente é variable o que permite facer unha distinción numérica destes motivos. Así distinguimos:

1º. COLUMNA DA FLAXELACIÓN.

Cruceiros do Curro (Ansemar) e do campo da Feira¹⁰ (Ribeiras de Lea) (FOTO 6).

2º. DOUS CRAVOS.

Cruceiros da Ponte¹¹ (Outeiro) e do Campo da Feira (Ribeiras de Lea).

3º. ESCALEIRA DE SETE BANZOS.

Cruceiro do Curro (Ansemar).

4º. ESCALEIRA DE OITO BANZOS.

Cruceiros da Cainzada (Bazar), de Cornide (Bendía), de Beloi (Mos), da Pontenova (Outeiro), de Vilamel (Outeiro), do Chairo (Ribeiras de Lea) e do Cordón (Sta. Locaia).

5º. ESCALEIRA DE NOVE BANZOS.

Cruceiros da Ponte (Outeiro), do campo da Feira (Ribeiras de Lea) e de Vilar de Baixo (Outeiro).

6º. ESCALEIRA DE DEZ BANZOS.

Cruceiro de Ribas do Miño (Outeiro).

⁹. *Inventario Patrimonio Histórico-Artístico do Concello de Castro de Rei. Diario Oficial de Galicia, nº 18, 25-1-90, páx.. 716.*

¹⁰. RIELO CARBALLO, Nicanor.: *Ob. cit*, páx..314.

¹¹.COMARCA DA TERRA CHÁ. *Plan de Desenvolvimento Comarcal de Galicia*, Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial, Presidencia, Xunta de Galicia, 1993, páx.. 95.

7º. ESPADA.

Cruceiros da Ponte (Outeiro), de Ribas do Miño (Outeiro), de Vilar de Baixo (Outeiro) e do Cordón (Sta. Locaia).

8º. LANZA.

Cruceiros da Cainzada (Bazar) (FOTO 2), de Beloi (Mos) e de Vilamel (Outeiro).

9º. LÁTEGO.

Cruceiros do Curro (Ansemar), Ribas do Miño (Outeiro) e do Cordón (Sta. Locaia).

10º. MARTELO.

Cruceiros do Curro (Ansemar), da Cainzada (Bazar), de Cornide (Bendía), de Beloi (Mos), da Ponte (Outeiro), da Pontenova (Outeiro), de Ribas do Miño (Outeiro), de Vilar de Baixo (Outeiro), de Vilamel (Outeiro), do campo da Feira (Ribeiras de Lea) e do Chairo (Ribeiras de Lea).

11º. TRES CRAVOS.

Cruceiros do Curro (Ansemar), da Cainzada (Bazar), de Cornide (Bendía), de Beloi (Mos), da Pontenova (Outeiro), de Ribas de Miño (Outeiro), de Vilamel (Outeiro), do Chairo (Ribeiras de Lea) (FOTO 7) e do Cordón (Sta. Locaia).

12º. TENACES.

Cruceiros do Curro (Ansemar), da Cainzada (Bazar), de Cornide (Bendía), de Beloi (Mos), da Ponte (Outeiro), da Pontenova (Outeiro), de Ribas do Miño (Outeiro), de Vilar de Baixo (Outeiro), de Vilamel (Outeiro), do campo da Feira (Ribeiras de Lea), do Chairo (Ribeiras de Lea) e do Cordón (Sta. Locaia).

3.4. O CAPITEL

Mostra as seguintes modalidades:

3.4.1. Capitel de dous tramos: o inferior, cunha moldura cóncava (caveto ou nacela); e o superior, cunha pequena estructura paralelepípeda.

Cruceiro do Vilar (Mondrid). Cruceiro de Castiñeiras (Ludrio). Cruceiro do Mesón (Coea).

Cruceiro da Plazuela (Ludrio) (filete, no tramo superior).

3.4.2. Capitel de forma troncopiramidal invertida, rematando nun cimacio.

Cruceiro de Ribas de Miño (Outeiro) (FOTO 16). Cruceiro de Cordón (Sta. Locaia).

3.4.3. Capitel de tres tramos: o inferior, cunha moldura en bocel; o medio, cunha moldura cóncava (caveto ou nacela); e o superior, formado por un cimacio, que remata o capitel.

Cruceiro da Cainzada (Bazar). Cruceiro de Cornide (Bendía) (FOTO 13). Cruceiro de Beloi (San Xiao de Mos). Cruceiro da Ponte (Outeiro) -filete, no tramo inferior-. Cruceiro da Pontenova (Outeiro) Cruceiro de Vilamel (Outeiro). Cruceiro da Feira (Castro de Ribeiras de Lea). Cruceiro do Chairo (Castro de Ribeiras de Lea).

. Este elemento artístico está ornamentado con volutas e querubíns en **once cruceiros** do concello ¹².

3.5. A CRUZ.

A maioría dos cruceiros amosan unha cruz de sección cuadrangular nos extremos e coas arestas rebaixadas no resto, amosando unha cruz florenzada no remate dos brazos de **trece cruceiros** ¹³. No anverso da cruz aparece a efixie de Cristo en **quince cruceiros** ¹⁴ nos que a devandita efixie aparece co pé derecho por riba do esquierdo e a súa cabeza, cunha coroa de espiñas, está inclinada ó lado derecho, agás **no cruceiro de Vilar de Baixo** que o fai sobre o lado esquierdo. Por outra

¹². Cruceiros do Curro (Ansemar), da Cainzada (Bazar), de Cornide (Bendía), de Beloi (Mos), da Ponte (Outeiro), da Pontenova (Outeiro), de Ribas do Miño (Outeiro), de Vilar de Baixo (Outeiro), de Vilamel (Outeiro), do Campo da Feira (Ribeiras de Lea) e do Cordón (Sta. Locaia).

¹³ Cruceiros do Curro (Ansemar), do Carril (Ansemar), da Cainzada (Bazar), de Cornide (Bendía), do Vilar (Mondriz), de Beloi (Mos), da Ponte (Outeiro), da Pontenova (Outeiro), de Vilar de Baixo (Outeiro), de Vilamel (Outeiro), do campo da Feira (Ribeiras de Lea), do Chairo (Ribeiras de Lea) e do Cordón (Sta. Locaia).

¹⁴. Cruceiros do Carril (Ansemar), do Curro (Ansemar), da Cainzada (Bazar), de Cornide (Bendía), de Beloi (Mos), da Ponte (Outeiro), da Pontenova (Outeiro), de Ribas do Miño (Outeiro), de Vilar de Baixo (Outeiro), de Vilamel (Outeiro), do Pozo (Pacios), do campo da Feira (Ribeiras de Lea), do Chairo (Ribeiras de Lea), de Casas Novas (Sta. Locaia) e do Cordón (Sta. Locaia).

banda, ambos os dous pés están por riba dunha caveira *nos cruceiros da Cainzada (Bazar), de Beloi (Mos) (FOTO 15), da Ponte (Outeiro), da Pontenova (Outeiro), de Vilar de Baixo (Outeiro), e de Vilamel (Outeiro)*. Ademais *nos cruceiros de Vilamel (Outeiro) e do Cordón (Sta. Locaia)* a efixie de Cristo está flanquedaa por dous santiños. No reverso da cruz a efixie da Virxe aparece en *trece cruceiros*¹⁵. (FOTO 16)

4º. DATACIÓN DOS CRUCEIROS.

Un bo número deles é do último tercio do século XIX e primeira metade do XX. Aqueles cruceiros, provistos de data, adoitan tela na base, no fuste, e algúns no capitel e a cruz, como podemos comprobar por medio do seguinte esquema:

4.1. DATA NA BASE.

CRUCEIRO DO CURRO (ANSEMAR): 1886.

CRUCEIRO DO MESÓN¹⁶ (COEA): 10-X-27.

CRUCEIRO DA PONTENOVA (OUTEIRO): 1906 ou 1908?

CRUCEIRO DE CASAS NOVAS (STA. LOCAIA): 1913.

4.2. DATA NO FUSTE.

CRUCEIRO DE BELOI (MOS): 1871.

CRUCEIRO DE VILAMEL (OUTEIRO): 1907.

CRUCEIRO DO CAMPO DA FEIRA (RIBEIRAS DE LEA): 1888.

CRUCEIRO DO CHAIRO¹⁷ (RIBEIRAS DE LEA): 1858.

4.3. DATA NO CAPITEL (FOTO 17)

¹⁵.Cruceiros do Curro (Ansemar), da Cainzada (Bazar), de Cornide (Bendía), de Beloi (Mos), da Ponte (Outeiro), da Pontenova (Outeiro), de Ribas do Miño (Outeiro), de Vilar de Baixo (Outeiro), de Vilamel (Outeiro), do Pozo (Pacios), do campo da Feira (Ribeiras de Lea), do Chairo (Ribeiras de Lea) e do Cordón (Sta. Locaia).

¹⁶. SANTOS SAN CRISTÓBAL, Sebastián.: *Ob. cit.*, páx.. 185.

¹⁷. *Inventario Patrimonio Histórico-Artístico do Concello de Castro de Rei. Diario Oficial de Galicia, nº 18, 25-1-90*, páx.. 716.

CRUCEIRO DE CASTIÑEIRAS(2)(LUDRIO): 1942.

CRUCEIRO DA PLAZUELA (LUDRIO): 1838.

4.4. DATA NA CRUZ.

CRUCEIRO DE CASTIÑEIRAS(1)(LUDRIO): 1794.

5º. PERSOAS LIGADAS COA CONSTRUCCIÓN DOS CRUCEIROS.

CRUCEIRO DO CARRIL (ANSEMAR). ANTONIO FONTELA GARCÍA (FINAIS DO XIX). CRUCEIRO DA CAINZADA. JOSÉ BARRELA. CRUCEIRO DE CASTIÑEIRAS (LUDRIO). JOSÉ VÁZQUEZ BARREIRA. CRUCEIRO DE BELOI (SAN XIAO DE MOS). “CASA DE CURRAL”. CRUCEIRO DE CAPARIS (SAN XIAO DE MOS). “CASA DE LEXOS”.

6º. MOTIVOS EXPLÍCITOS DA CONSTRUCCIÓN DOS CRUCEIROS.

5.1. EN LEMBRANZA OU RECORDO.

CRUCEIRO DO MESÓN (COEA). CRUCEIRO DE “CASAS NOVAS” (SANTA LOCAIA).

5.2. MORTE DUNHA MULLER.

CRUCEIRO DO VILAR (MONDRID).

5.3. POR DEVOCIÓN.

CRUCEIRO DE RIBAS DO MIÑO (OUTEIRO).

7º. CRUCEIROS CON RESPOS DE POLICROMÍA.

CRUCEIRO DA PONTE (OUTEIRO). Restos de cor vermello no fuste.

CRUCEIRO DE VILAR DE BAIXO (OUTEIRO). Restos de cor vermello no capitel e no fuste.

CRUCEIRO DE VILAMEL (OUTEIRO). Resto de cor azul no fuste.

Finalmente, todos os cruceiros deste municipio están construídos en granito, agás **AS CRUCES**

DE SUMEDO (LUDRIO) E VILAR (MONDRIZ), feitas de xisto, e O CRUCEIRO DE CASAS NOVAS¹⁸ (Sta. Locaia), construído con cemento.

V. VOCABULARIO ESENCIAL SOBRE OS CRUCEIROS.

ACANTO.- Adorno que imita a unha planta perenne, que posúe as flores longas, rizadas e con espiñas. Este adorno é característico do capitel corintio.

ÁNGULO.- Figura formada por dúas liñas, que parten dun memo punto.

ANVERSO.- Cara principal de determinados obxectos. Cara principal da cruz.

ARESTA.- Recta formada polo encontró de dous planos.

BANZOS.- Cada un dos pasos dunha escaleira.

BASE.- Apoio sobre o que descansa algunha cousa. Parte inferior dunha columna.

CACHOTERÍA.- Pedras sen labrar, colocadas dun xeito irregular.

CAPITEL.- Parte superior da columna, que coroa o fuste.

CARTELA.- Decoración que enmarca unha inscrición nun pedestal, lápida ou friso.

COLARIÑO.- Moldura anular entre o fuste e o capitel dunha columna.

COLUMNA.- Pé derecho ou piar cilíndrico, normalmente máis alto que ancho, que serve de soporte de cornixas, bóvedas ou como simple adoirno; compõe de tres partes: base, fuste, e capitel.

CÓNCAVO.- Forma que presente a superficie curva cara o interior.

CONVEXO.- Estructura que mostra a superficie curva cara o exterior.

CUADRANGULAR.- De catro ángulos.

CUADRILÁTERO.- Polígono de catro lados.

CÚBICO.- Poliedro regular formado por seis caras cadradas.

CRUZ.- Figura formada por dúas liñas, que se atravesa perpendicularmente, e calquera obxecto ou figura con esa forma. Parte superior do cruceiro, situada por riba do capitel.

ALGÚNS TIPOS DE CRUZ:

1. CRUZ FLORENZADA. A que ten os seus rematres abertos de xeito curvilíneo.
2. CRUZ GREGA. A de brazos iguais.

¹⁸. SANTOS SAN CRISTÓBAL, Sebastián.: *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*, T.V, Centro Nacional de Información Artística, Arqueológica y Etnológica, Madrid, 1983, páx.. 497.

3. CRUZ LANCELOLADA. A que tien os seus remates en forma de ferro de lanza.
4. CRUZ LATINA. A que ten maior o brazo vertical.
5. CRUZ LISA. Cruz desprovista de imaxes.
6. CRUZ TREVOADA. A que ten os seus remates en forma de trevo.

ESTRÍAS.- Marca lineal pouco profunda.

FUSTE.- Parte da columna, situada entre a base e o capitel.

MERLÓN.- Cada un dos dentes en forma de prisma, que coroa un muro ameado..

MOLDURA.- Elemento corrido, que se colca sobre unha superficie para decorala e que se clasifica segundo o seu perfil, sendo normalmente de pouca anchura.

- **TIPOS DE MOLDURAS:**

- FILETE OU LISTEL.- De sección cadrada ou rectangular.
- O BOCEL OU TORO.- Semicírculo convexo; se é moi pequeño chámase baquetón.
- O CUARTO BOCEL.- Cuarto de círculo convexo.
- A MEDIA CANA.- Semicírculo cóncavo.
- A ESCOCIA.- Moldura cóncava, continua, composta de dúas curvas de distinto radio.
- O CAVETO OU NACELA. – De cuarto de círculo cóncavo.
- A GOLA.- A unión dun caveto e un cuarto bocel, sendo a parte máis sainte o caveto.
- O TALÓN.- A unión dun caveto e un cuarto bocel chámase talón, sendo a parte máis sainte o cuarto bocel.

MOLDURADO.- Que presenta molduras.

MONOLÍTICO.- Monumento de pedra dunha soa peza.

OCTOGONAL.- De oito ángulos.

PARALELOGRAMO.- Cuadrilátero cos lados opostos paralelos entre si.

PARALELEPÍPEDO.- Corpo xeométrico limitado por seis paralelogramos sendos os opostos iguais entre si

PEAÑA.- Base ou apoio para colocar por riba unha figura.

PIRÁMIDE.- Poliedro de base poligonal e caras laterais triangulares.

POLICROMÍA.- Arte de pintar en varias cores.

POLIEDRO.- Corpo xeométrico limitado por varias caras chás.

POLÍGONO.- Superficie chá limitada por varios lados, que nas súas interseccións forman ángulos.

PRISMA.- Poliedro de dúas caras iguais e paralelas e no que as caras laterais son paralelogramos.

REBAIXADO.- Biselado, cortado no bordo.

RELEVO.- Forma escultórica, que sobresae dunha superficie.

REVERSO.- Cara oposta ao anverso. Cara posterior da cruz.

ROEL.- Peza decorativa redonda en forma de moeda.

SECCIÓN.- Corte ou liña divisoria.

SUPEDÁNEO.- Especie de peaña sobre a que se apoian algunhas efixies.

TRONCOPIRAMIDAL.- Relativo á parte da píramide, que se obtén facendo un corte por un lado paralelo á base e eliminando o vértice.

VOLUTA.- Adorno en forma de espiral.

VI. BIBLIOGRAFÍA

1º. ARRIBAS ARIAS, Fernando / BLANCO PRADO, José Manuel.: *Catálogo de Cruceiros da Terra Chá. Cruceiros de Castro de Rei e Outeiro de Rei*, A Coruña: Cadernos do Seminario de Sargadelos nº 76, Ed. do Castro, , 1998.

2º. ARRIBAS ARIAS, Fernando / BLANCO PRADO, José Manuel.: *Catálogo de Cruceiros da Terra Chá. Cruceiros de Guitiriz*, Sada (A Coruña): Cadernos do Seminario de Sargadelos nº 81, Ed. do Castro, 1999.

3º. ARRIBAS ARIAS, Fernando / BLANCO PRADO, José Manuel.: *Catálogo de Cruceiros da Terra Chá. Cruceiros de Begonte, Cospeito e Rábade*, Cadernos do Seminario de Sargadelos, No prelo.

4º. ARRIBAS ARIAS, Fernando / CUBA RODRÍGUEZ, X.R./ REIGOSA CARREIRAS, A.: "As cruces e cruceiros da Terra Chá", *Diario "El Progreso" de Lugo, 20-8-87.*

5º. BAAMONDE GARCÍA, Alfonso A./ CASTRO RODRÍGUEZ, Antón.: "Cruces, cruceiros, ermidas e capelas da bisbarra chairega", *Diario "El Progreso" de Lugo, 22-8-87.*

6º. BLANCO PRADO, José Manuel / RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, Manolo.: *Cruces y Cruceiros del Municipio de Begonte*, Lugo: Servicio de Publicaciones de la Diputación Provincial de Lugo, 1988.

7º.- BLANCO PRADO, José Manuel.: *Religiosidad popular en el Municipio de Begonte*, Lugo: Servicio de Publicaciones de la Diputación Provincial de Lugo, 1990, páxs. 281-290.

8º. CENDÁN FRAGA, Antón.: "Os Cruceiros de Vilalba", *Diario "El Progreso" de Lugo, 31-8-88.*

9º. CENDÁN, Antonio.: "Cruceiros, hórreos y antiguos molinos chairegos sucumben en el olvido", *Diario "El Progreso" de Lugo, 29-12-89.*

10º. COMARCA DA TERRA CHÁ. *Plan de Desenvolvimento Comarcal de Galicia*, Gabinete de Planificación e Desenvolvimento Territorial, Presidencia, Xunta de Galicia, 1993, páxs. 92-103.

11º. FLORES RIVAS, Luis Hixinio.: "Un elemento a conservar na Terra Chá", *Boletín "Terra Chá" ano I, nº3, Órgano de expresión da Asociación cultural "Brigadas en defensa do Patrimonio Chairego"*, páxs. 29-30.

12º. GIL AGRAS, H.: "Os cruceiros de Bretoña", *Diario "El Progreso" de Lugo, 17-8-91*.

13º. GONZÁLEZ REBOREDO, X.M / RIELO CARBALLO, Nicanor /SANTOS SAN CRISTÓBAL, Sebastián/ VALIÑA SAMPEDRO, Elías.: *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*, Madrid: Servicio Nacional de Información Artística, Arqueológica y Etnológica, T.I-VI, Madrid, 1975-83.

14º. *Inventario de cruceiros da Escola Taller do concello de Vilalba.*

15º. LAREDO VERDEJO, José M.: *Os Nosos Cruceiros*, A Coruña: Ed. Boreal-Xuntanza, 1993.

16º. PERNAS BERMÚDEZ, Carmen.: "O cruceiro dos Catro Camiños de Vilalba (I e II)", *Diario "EL Progreso" de Lugo, 30-4-98 e 1-5-99*.

17º. RODRÍGUEZ CASTELAO, A.: *As cruces de pedra na Galiza*, Madrid: Akal, 1975. Ed. facsimil da que se levou a cabo B. Aires en 1949.

18º. TRAPERO PARDO, J.: "Os Cruceiros", *Lucus, Boletín Informativo de la Diputación Provincial de Lugo, nº27*, 1974, páxs. 25-40.

VII. ILUSTRACCIÓNS



FOTO 1. CRUCEIRO DO CURRO (ANSEMAR)



FOTO 2. CRUCEIRO DA CAINZADA (BAZAR)



FOTO 3. CRUCEIRO DE BELOI. SAN XIAO DE MOS



FOTO 4. CRUCEIRO DE CORDÓN (STA. LOCAIA)



FOTO 5. CRUCEIRO DE A PONTENOVA (OUTEIRO)



FOTO 6. CRUCEIRO DO CAMPO DA FEIRA. CASTRO DE RIBERAS DE LEA



FOTO 7. CRUCEIRO DO CHAIRO. CASTRO DE RIBEIRAS DE LEA



FOTO 8. CRUCEIRO DA CAINZADA(BAZAR). DETALLES DA BASE.



FOTO 9. CRUCEIRO DE A PONTENOVA (OUTEIRO)



FOTO 10. CRUCEIRO DE VILAMEL. DETALLE DA BASE.



FOTO 11. CRUCEIRO DA PONTE (OUTEIRO).-FUSTE. CAPITEL. CRUZ



FOTO 12. CRUCEIRO DE VILAMEL (OUTEIRO)



FOTO 13.CRUCEIRO DE CORNIDE (BENDÍA). NÚMERO FUSTE.



FOTO 14. CRUCEIRO DE VILAMEL (OUTEIRO). DETALLE DO FUSTE



FOTO 15. CRUCEIRO DE BELOI (S. XULIÁN DE MOS)



FOTO 16. CRUCEIRO DE RIBAS DE MIÑO (OUTEIRO). A VIRXE COMO PIEDADE.



FOTO 17. CRUCEIRO DE LUDRIO. CRUZ.

